



Por XULIO VALCÁRCEL

Herba do tempo

Non deixa de sorprenden que o primeiro poemario de Xosé Abeal vexa a luz cando o autor xa non é mozo. Nunha literatura como a galega, coa facilidade existente para publicar, resulta encomiable ese exercicio de responsabilidade e de paciencia, alleo aos ouopeles e ás eripipelas xuvenís que tantos desenganos producen. Con anterioridade, apenas algúns poemas, apenas algúns versos seus virán a luz nas revistas Grial e Poesía Galicia.

Abeal procede dunha formación clásica. Licenciado en Filoloxía é profesor de latín no IES Salvador de Madariaga da Coruña. Esa formación, esa bagaxe, está presente, sobre todo a nivel formal, pero tamén nalgunhas referencias conceptuais, ao longo deste libro fermoso de título e de contido, "Herba de tempo".

MOTIVACIÓNS

Cales foron as razóns que levaron ao poeta a adiar a súa aparición non as sabemos con certeza, pero podemos intuír varias delas. Dunha banda, consideramos a Abeal como unha persoa perfeccionista, meticuloso en extremo, que agota e aquilata o seu traballo ata onde pode. Somos testemuñas do esforzo demorado, das sucesivas aproximacións a uns versos que foi tecendo coa delicadeza dun encaixe. Doutra, Abeal, que procede dunha tradición oral na nosa lingua, duns antepasados que "falaban galego como merlos" (pureza e musicalidade son dúas constantes que alimentan os seus poemas) pertence, como pertencemos todos os da súa idade, a unha xeración que tivo



"Herba do tempo" de Xosé Abeal é un poemario de madurez

o galego proscrito, e o castelán como única lingua de cultura. Daquela, Abeal non se sentía cómodo en galego a nivel literario e é de admirar o seu esforzo por dotarse dunha ferramenta de traballo que a partir de agora nos permitirá aos seus lectores disfrutar de novas creacións.

O primeiro que compre destacar de "Herba do tempo" é a súa madurez. Estamos ante un poeta de dilatada formación e amplias lecturas, non prima por tanto a pegada da intuición ou do instinto, aínda que sorprenda ás veces con achádegos moi valiosos e inseparados: "Arestora páxaro son voando pola nudez das cousas en ledicia". Aporta neses casos unha imaxinería brillante que accede a mundos só per-

ceptibles, só identificables mediante unha palabra poética que leva larvada en si mesma como a noite, a luz da amencida.

Reflexionando sobre o exercicio poético como busca do coñecemento por vía introspectiva, a presenza da paisaxe do pasado transmútase no corpo físico, nos ollos, no espírito, na esencia do ser do poeta. Teimudamente se aboca a unha claridade, a unha blandura (dondo, mol, son adexetivos frecuentes), liberadoras. Desde este punto de vista o poemario insiste na positividade, por máis que o pasado seña-doso e a memoria do perdido inevitablemente abroien á superficie.

A pureza, o limpo, o auroral, o non contaminado (merlos, regatos rumorosos, verdores silandeiros, transparencias luminosas...) conforman referentes facilmente perceptibles. Recúrreses a eles como símbolos ou elemento de trasfondo. De aí a impor-

tancia dos ollos e da ollada, da contemplación cara adentro e cara afora. Nesa confluencia, nese territorio fronteirizo nace o poema. Desde a positividade pero tamén desde a dúbida existencial, como podemos ver no poema que comenza interrogándose, "¿Qué serei nesta longa fila de homes"

Paisaxes dormidas, latentes, que haberán de despertar mediante o don de nomear, inxenuismo franciscano na recuperación do canto do carro escoltado na infancia... Si, Abeal arela a inocencia, a pureza. A perda é grande pero tal vez non definitiva:

*Máis o que ameí nalgún lugar un día
quizais ha de vivir nas fondas fragas,
nas augas claras, no frescor das herbas
nos antigos carballos do meu val*